

Resolución do 16 de setembro de 2024, do tribunal nomeado pola Resolución do 31 de xullo de 2024 (DOG Núm. 152, do 7 de agosto de 2024) que cualifica o proceso de provisión por mobilidade nos corpos de Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, convocado mediante Orde do 31 de maio (DOG Núm. 114, do 13 de xuño)

En sesión do tribunal que tivo lugar o día 16 de setembro de 2024, realizada a baremación dos méritos de acordo co establecido na base oitava da citada convocatoria para a provisión de 32 prazas de mobilidade en 18 concellos da Comunidade Autónoma de Galicia,

ACORDOU:

Facer pública como anexo a esta resolución, a baremación provisional, coa indicación da puntuación obtida por cada aspirante, ordenada por orde decrecente de puntuación.

Contra esta baremación, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamacións, ante este tribunal, no prazo de **tres (3) días hábiles**. Na convocatoria contempla cinco (5) días hábiles, pero aplicando a Resolución de 2 de agosto de 2024 publicada no DOG Núm. 154, do 9 de agosto, pola que se declara a tramitación de urxencia neste proceso os prazos se reducen á metade.

Por tanto o prazo para alegacións será **o período comprendido entre o día 18 de setembro e o 20 de setembro do ano en curso**, ambos incluídos.

Tal e como establece a convocatoria, todos os trámites administrativo que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Nas reclamacións non se terán en conta méritos novos nin os non acreditados que non se presentaran coa solicitude inicial.



Á vista das reclamacións que se presenten, e no suposto de ser estimadas, realizaranse as oportunas correccións na baremación e procederase a súa publicación definitiva na páxina web da Agasp.

Na data da sinatura dixital

A Presidenta do tribunal

Paula Cajaraville Leiro

